

NOTAS AO PROGRAMA do profesor Xaime Estévez (doutor en ciencias da educación)

REVERIANO SOUTULLO OTERO (PONTEAREAS 1880 - MADRID 1932)

Reveriano Soutullo Otero simboliza para os amantes da música española e para todos os galegos un músico de referencia imprescindible no século XX. Porén as circunstancias biográficas do propio músico cando morre en plenitude con cincuenta e dous anos (1932) e as históricas: a guerra civil española catro anos máis tarde ou quizais tamén a súa simpatía polas ideas republicanas (según aseguran informacións na prensa da época) contribuíron a que o seu nome sen ser esquecido, fora insuficientemente valorado despois da súa morte na dimensión artística e humana que sen dúbida lle corresponde. Como proba evidente do que estamos a falar podemos citar a día de hoxe a escandalosa omisión da súa figura nos propios libros de texto da materia de música para o ensino primario e secundario. incluídos os publicados en lingua galega. Só Roxelio Groba, outro insigne músico galego, rescata a súa memoria no discurso de entrada á “Real Academia de Nuestra Señora del Rosario” (A Coruña, 1974) e o único monográfico editado ata agora - premiado pola Fundación Guerrero e do que teño a honra de ser autor - publicouse no ano 1995 pola editorial Alpuerto. Anunciada está a edición de un novo estudio que aporte máis datos, auspiciado pola Fundación Soutullo coa autoría da súa neta M^a Rosa Arijá Soutullo quen leva anos recopilando e ampliando datos sobre a vida e obra do seu avó. Algunhas obras imprescindibles para a historia da música española logran que a pesares de todo Soutullo siga sendo dende sempre programado, gravado e interpretado: **La del Soto del Parral**, **La Leyenda del beso**, **El último Romántico** ou o pasodoble máis internacional do mestre Soutullo e que máis representa a Galicia: **Puenteareas**, bastan para entender que o lume non se chegara a apagar en ningún momento.

OS PRIMEIROS ANOS (1880-1900). Nace Soutullo o día de San Bieito do ano 1880 na vila de Ponteareas. Ese nacemento en Ponteareas tería relevancia no futuro, xa que sería este Concello o que lle faría unha homenaxe inesquecible no ano 1929, onde se estrea o seu pasodoble homónimo que é hoxendía himno oficial e onde o auditorio e Conservatorio levan o seu nome na actualidade. O mestre Soutullo aprende do seu pai, director da banda de música de Redondela, e ó parecer tamén do director da banda de Ponteareas, Segundo Fernández Cide convértese pouco apouco nun

alumno aventaxado que sendo inda adolescente chega a formar parte da banda municipal de Tui e a dirixir o Orfeón da mesma localidade. Nesa época decidiría que a música ia a ser o seu futuro por iso ingresa no servizo militar en Vigo (1896), na banda de música como cornetín solista no Rexemento de infantaría Murcia nº 37, alí segue a súa formación co mestre Cetina ata o ano 1900, ano no que decide ir a Madrid a oficializar debidamente os estudos.

ESTUDIANTE EN MADRID (1900-1906). Nestes anos consolidanse a súa formación xa iniciada en Galicia facendo os estudos de composición e séndolle concedido o premio de composición polos seus profesores entre os que se encontraban Tomás Bretón, Arín Fontanilla ou Gerónimo Giménez, entre outros, ao rematar o 5º curso. No ano 1903 casa coa pianista viguesa Juana Meise enviuvando pouco despois.

REGRESO TEMPORAL A GALICIA (1906-1907). A repercusión do premio extraordinario de composición na súa terra foi considerable. Nos meses seguintes estrea en Vigo as zarzuelas **El Regreso** e **El Tío Lucas**, importante será a concesión dunha subvención para a súa formación no extranxeiro polo Concello de Vigo o 23 de agosto de 1906.

EN MADRID (1900-1932). Madrid será definitivamente a cidade de referencia para Soutullo dende o ano 1900, se ben nunca renunciou a amplas estadias anuais en Galicia. En Setembro de 1907 estrea en Madrid **Don Simón págalo todo** e temos constancia de novas estreos coa zarzuela **La Siega** ou **La Serenata del Pueblo**. O cumio desta época sitúase no sainete lírico nun acto **La Paloma del barrio** estreado en Decembro de 1911.

AS VIAXES Ó EXTRANXEIRO (1907-1909). Parecen ser polo menos dúas. A primeira prodúcese, ó parecer, en 1907 entre Febreiro e Setembro, o que é probable pola subvención concedida uns meses antes polo Concello de Vigo, por unha partitura asinada polo propio Soutullo en xullo en París (o que confirmaría as afirmacións de Roxelio Groba acerca do episodio no que coñece a Saint Saëns e da relación que mantiña con Maurice Ravel) e por non haber constancia documental de ningunha obra da súa autoría estreada entre Febreiro e Setembro dese ano. Tampouco hai constancia documental de ningunha obra estreada entre Setembro de 1907 e Xuño de 1909, polo que sospeitamos que tamén se adicara a estancias fora de España, o certo é que temos localizado un diario de viaxes que relata o que sería a súa segunda viaxe probada ó extranxeiro con comenzo o nove de abril de 1908 sen poder determinar o seu final (só sabemos que en Xuño do ano seguinte estrea unha obra en Madrid) xa que o

once de Maio remata para nos este documento que demostra ademais de outras informacións, que a viaxe era cultural, que era a primeira vez que visita ese lugares e que percorre distintas cidades de Italia como Roma, Venecia ou Florencia e outras de Alemania como Zürich ou Munich onde acaba o diario lóxicamente antes do remate real da viaxe.

SOUTULLO EDITOR (1910-1916). Parece ser que o mestre Soutullo estivo traballando para a editorial “Alier” en Madrid dende os primeiros anos do século XX, chegando a ser o xefe de publicacións durante dez anos. Esta circunstancia propiciaría que no ano 1910 Soutullo, Villanueva e Alier suscribieran un contrato para que as obras de banda se editaran en Galicia e o resto pola editorial “Alier” en Madrid. En Marzo do ano seguinte créase en Vigo a sociedade mercantil “Soutullo y Villanueva” formada por Eduardo e Manrique Villanueva (pai e fillo) e polo propio Soutullo para a publicación e venta ata 1916 das obras musicais, en 1914 Soutullo deixa de ser socio aínda que segue a coordinar dende Madrid as publicacións. O certo é que dende a edición de **Primadeira** para voz e piano en 1910 por “Alier” están catalogadas sobre unha treintena de obras que pertencen a este editor, editadas por él como autor, e tamén editadas por “Soutullo y Villanueva” ou por “Villanueva e hijo”. A última peza que vale para este comentario é unha mazurca de salón **Nieve** editada por “Villanueva e hijo” datada en Novembro de 1915. A partir desta data Soutullo dedicase xa dun xeito claro a zarzuela e practicamente non se poden destacar obras importantes de outro xénero salvo o caso especial do pasodoble **Puenteareas** có que agasalla ó seu concello natal na homenaxe do ano 1929.

SOUTULLO EMPRESARIO TEATRAL (1926-1931). O compromiso do mestre Soutullo coa música española foi máis alá do de editor, músico ou compositor. Nos anos vinte amosa a súa inquietude para potenciar a zarzuela española. Parece ser que no ano 1926 crea a súa primeira compañía lírica que non continúa moito máis alá da estrea da zarzuela **La del Soto del Parral** en Outubro do 1927, seguramente ante o enorme éxito acadado por esta. Será no outono de 1931 cando volve a aparecer unha compañía na que participa como empresario, a compañía “Romeu Soutullo” que se disolvería a principios do 1932. Soutullo non debeu considerar exitosa esta faceta da súa vida profesional que nin siquiera comenta no discurso da súa homenaxe en 1929, nin aparece en referencias da súa biografía.

PROGRAMA

MONOGRÁFICO DE REVERIANO SOUTULLO

DIRECTOR: JOSÉ LUIS REPRESAS

VEIRA DO MAR (1910)

canción galega para voz e piano
Versión sinfónica de J.L. Represas

LA PALOMA DEL BARRIO (1911) pasodobre

(en colaboración con Andreu)

LA LEYENDA DEL BESO (1924)

(en colaboración con J. Vert)

1. Duo de Iván y Amapola
“Amor mi raza sabe conquistar...”
(versión sinfónica de J.L. Represas)

2. Intermedio
(transcripción de J.L. Represas)

3. Foxtrot
“Se pone el cuerpo así...”
(versión sinfónica de J.L. Represas)

4. Zambra
(transcripción de Mariano San Miguel)

LA DEL SOTO DEL PARRAL (1927)

(en colaboración con J. Vert)

1. Concertante
(versión sinfónica de J.L. Represas)

2. La ronda de los enamorados. Coro
“Donde estarán nuestros mozos ...”
(versión sinfónica de J.L. Represas)

EL ÚLTIMO ROMÁNTICO (1928)

(en colaboración con J. Vert)

1. Romanza de Enrique
“Bella enamorada...”
(versión sinfónica de J.L. Represas)

PUENTEAREAS (1929) pasodobre galego

Nota: polo ben de todos prégame desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas



OS SEUDÓNIMOS. Dous son osseudónimos que o mestre Soutullo usou según o rexistrado na propiedade intelectual. O primeiro por volumen de obras é o de L. RALS, nun total de 15. O outro e o de L. DURÁN usado só en dúas. Nunca usou estesseudónimos para a súa obra zarzuelística.

SOUTULLO O HOME. Afondando nos datos biográficos e profesionais do mestre Soutullo decatámonos do seu verdadeiro carisma e personalidade. Un talento que os vinte anos marcha a consolidar estudos en Madrid con todas as dificultades pero que logra sair adiante a pesares do avatares da vida que o convirte en viuvo e pai dun fillo ós 23 anos, consegue o premio de composición fin de carreira e unha subvención do concello de Vigo segue a súa formación no extranxeiro, volta a Madrid onde gracias ó seu bofacer é reclamado para colaborar con autores consagrados, crea sociedades para editar obras, funda dúas compañías líricas e logra un recoñecemento de todos os que o coñecen, chegando a triunfar indiscutiblemente na zarzuela española en tándem con Juan Vert. Fillo predilecto da súa vila natal, socio de honor da sociedade “La Oliva” de Vigo e do “Círculo de Bellas Artes de Madrid”, cando morre ostenta os cargos de Vicepresidente da “Sociedad Española de Autores Líricos” e membro do consello de administración da “Sociedad general de autores de España”. Home afable que participaba dende a segunda década do século XX, nas tertulias dos cafés Lyon D’Or ou Maison Doré, pai de familia de cinco fillos máis do seu segundo matrimonio nos anos vinte coa segoviana Victoria Sanemeterio, tamén sufríu certa sordeira do seu oído dereito como outros grandes artistas. Gran amante da súa terra, Galicia, onde non renunciou nunca a extensas temporadas de estancia anuais e onde se lle tributa unha apoteósica homenaxe de recoñecemento en Outubro de 1929.

COLABORADORES: SOUTULLO Y VERT. Na época na que vivíu o mestre Soutullo e sobre todo no teatro lírico era común a colaboración de compositores para sacar adiante algunhas obras, xa que ó haber números musicais independentes entre sí estes eran moitas veces susceptibles de ser feitos por distintos músicos. Colaboracións destacables podemos citar cronoloxicamente a que tivo có compositor galego Lorenzo Andreu Cristóbal do que temos poucos datos, con que constan obras dende a súa primeira estrea en Madrid con **Don Simón págalo todo** (1907) ata **La Paloma del Barrio** (1911), pero ademáis neses anos colaboraron na meirande parte das obras catalogadas tanto zarzuela como para banda rexistradas na propiedade intelectual sumando unha ducia larga de colabo-

racións documentadas. Significativa é tamén a colaboración mantida con Pablo Luna quen aposta por él no ano 1915 na estrea de **Amores de Aldea**, e con quen manterá colaboracións as veces sen rexistrar como a feita na zarzuela **El Niño Judío** ou **El Aduar** obras que lle son atribuídas en parte na prensa pero que logo non se fixo constar así na propiedade intelectual. No seu catálogo tamén consta como coautor xunto con autores como Bretón, Giménez, Brú ou Vives, pero será en 1919 cando coñece ó valenciano Juan Vert Carbonell (1890-1931) cando podemos falar da colaboración máis fructífera. Toda a produción zarzuelística foi feita con esta colaboración o que representa máis do 80 por cento da obra lírica de Soutullo, incluídas as tres de máis sonda e repercusión histórica posterior. **La Leyenda del Beso, La del Soto del Parral** e **El Último Romántico**. Soutullo recoñece o seu colabrador e amigo extraordinarias dotes para a instrumentación e a composición e tamén que era difícil distinguir as obras de un ou de outro contidas nas mesmas zarzuelas pola grande compenetración acadada entre eles.

OBRAS SENLLEIRAS. O catálogo de obras do mestre Soutullo está todavía en fase de recopilación. Son as obras recollidas na propiedade intelectual ou na Sociedade de autores de España as que primeiro puideron catalogarse, pero é previsible que podan xurdir obras, sobre todo para banda, en arquivos particulares. Podemos estimar non menos de duascenas as obras catalogables do mestre Soutullo. Se tiveramos que destacar algunhas delas poderíamos sinteticamente falar de varias: Como obra sinfónica **A Suite Vigo** (estreada no Teatro Real de Madrid en 1911). Tamén é destacable a zarzuela **Amores de Aldea** (1915). Xunto con Vert logra consagrarse definitivamente con tres obras inesquencibles para a zarzuela española: **La leyenda del Beso** (1924), **La del Soto del Parral** (1926), e **El Último Romántico** (1928). Por último o Pasodoble galego **Puentearreas** (1929), representa unha obra xa clásica no repertorio bandístico mundial.

- **La Leyenda del Beso** é unha das obras de maior transcendencia na obra de Soutullo. Zarzuela en dous actos de Soutullo y Vert (música) e de Paso, Silva e Reoyo (libreto). O intermedio musical desta zarzuela foi unha das páxinas máis inspiradas da música zarzuelística española.

- **La del Soto del Parral** é o cumio das obras do tándem Soutullo y Vert. A conxunción da excelente música cun inmolorable libreto de Fernández de Sevilla e Anselmo Carreño parecen ser as claves do éxito desta zarzuela de dous actos e tres cadros. A partitura ten unha fresca inspiración no folclore castelán. Chegou a estar simultaneamente en tres teatros: La Latina, Apolo e Fuencarral.

- **El Último Romántico.** Zarzuela en dos actos, sou-

tullo y Vert (música) e Tellaeche (libreto). Esta é unha zarzuela de costumes.

SOUTULLO E O NACIONALISMO MUSICAL. Soutullo sempre considerou á música española e especialmente á galega como fonte principal e xenuína de inspiración como se demostra en entrevistas que lle realizaron como no ano 1922 respecto á música española “... algunos compositores se titulan modernos, porque pretenden encubrir su impotencia melódica con laberínticas combinaciones armónica y contrapuntísticas ... si aspiramos a tener un arte nuestro profundamente español hay que inspirarse en esas intensas melodías de eterno contraste que no tienen par en ningún otro pueblo ...” ou no discurso pronunciado na homenaxe de Pontearreas en 1929 con respecto á música galega. “... Nuestra raza tiene condiciones temperamentales para la música verdaderamente excepcionales ... Ningún pueblo de Europa ni de América tiene en su tesoro musical la variedad de ritmos, de cadencias, ni el colorido ni la emoción melódica de nuestro canto popular ... En algunos pueblos balkánicos, en Hungría y en nuestra región andaluza hay verdaderas maravillas, pero no llegan ni con mucho a las que existen dispersas en todo el perímetro de Galicia ...” Este convencemento corresponde co do nacionalismo musical que Soutullo verte a través da súa obra. **Primaveira** ou **Veira do mar** para canto e piano feitas en galego con letra de Pio L. Cuiñas son dous primeiros exemplos de aportación á cultura galega no ano 1910, tamén desa época é a **Suite Vigo** para orquestra sinfónica e que contén unha inspiración crara na música galega, ata o punto de que o seu terceiro tempo é unha muiñeira cuxo tema está sacado do cancionero de Inzenga. No ano 1915 estrea no teatro da zarzuela en Madrid unha importante zarzuela de ambiente galego **Amores de aldea** con temática e música de inspiración galega, outro título referente a costumes galegos no ano 1914 foi **Los zuecos de Maripepa** estreada en La Habana. Seguindo con esta análise atopamos en 1929 o paradigma da súa obra bandística e galega: o pasodoble **Puentearreas**, e tamén temos noticias dunha zarzuela galega póstuma na que sotullo traballaba en 1932 antes de falecer: **Rias Baixas** en colaboración co poeta galego Jesús González Muñoz.

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es



SERÁNS MUSICAIS DA BMMC

TEATRO ROSALÍA CASTRO

29 DE SETEMBRO - 20.00 H.

DIRECTOR:

JOSÉ LUIS REPRESAS



VINDEIROS CONCERTOS

TEATRO ROSALÍA CASTRO

6 e 13 de outubro - 20.00 h

PALACIO DA ÓPERA

Tempada 2016-2017

Ciclo Outono-Inverno

23 de outubro - 12.15 h

13 e 20 de novembro - 12.15 h

4 e 18 de decembro - 12.15 h